



AGRICULTURA ECOLÓXICA EN ESPAÑA E GALICIA  
SARA MEIJIDE TOBÍO 2º BACHARELATO B

# Índice

Que é a agricultura ecolóxica	3
Quen se encarga da agricultura ecolóxica en Galicia?	3
Como distinguimos no mercado os produtos ecolóxicos?	3
Quen se encarga da agricultura ecolóxica en Galicia?	3
Cales son as vantaxes desta agricultura para o agricultor?	3
Cales son as Vantaxes desta agricultura para o consumidor?	4
Que produtos se poden cultivar?	4
Que é a certificación ecolóxica?	4
Como se consegue a certificación ecolóxica?	4
Cales son as vantaxes da certificación ecolóxica?	4
Cal é o obxectivo da gandaría ecolóxica?	5
Que é unha memoria anual?	5
Bibliografía	9

## **Que é a agricultura ecolóxica**

A agricultura ecolóxica é un sistema de produción de alimentos, baseado no respecto do medio ambiente, do benestar animal e do mantemento e mellora da fertilidade do solo. Empléanse prácticas agrícolas que evitan ou exclúen a casi totalidade de produtos químicos de síntese, con fertilizantes, produtos fitosanitarios, etc.

Para manter a produción, recórrase a outras técnicas como a rotación e a asociación de cultivos, a utilización de abonos verdes, o control biolóxico de pragas e o aumento da biodiversidade mediante o establece de setos e o mantemento da vexetación dentro das parcelas.

Esta denominación ampara a totalidade da produción primaria, a elaboración e a transformación dos alimentos, polo que as presentacións posibles son todas as que habitualmente se dan para calquera produto alimenticio.

Son produtos que poseen a máxima calidade nutritiva, sanitaria e organoléptica, ademais de manter as súas propiedades alimenticias e de madurez durante máis tempo.

## **Quen se encarga da agricultura ecolóxica en Galicia?**

En España, o control e a certificación da produción agraria ecolóxica é competencia das Comunidades Autónomas e lévase a cabo maioritariamente por autoridades de control públicas, a través de Consellos ou Comités de Agricultura Ecolóxica territoriais que son organismos dependentes das correspondentes Consellerías ou Departamentos de Agricultura, ou directamente polas Direccións Xerais adscritas a mesma.

## **Como distinguimos no mercado os produtos ecolóxicos?**

Todas as unidades envasadas dos produtos da agricultura ecolóxica ademais da súa propia marca e algunhas das mencións específicas da agricultura ecolóxica, levan impreso o código da autoridade e organismo de control ou un logo específico, co nome e o código da entidade de control. Tamén pode ir impreso o logo comunitario da AE.

## **Quen se encarga da agricultura ecolóxica en Galicia?**

En Galicia encárgase o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA). Protexe todas as producións agrícolas vexetais e animais non transformadas, os produtos agrícolas vexetais e animais transformados, destinados á alimentación humana, e os alimentos, piensos compostos e materias primas para a alimentación animal.

## **Cales son as vantaxes desta agricultura para o agricultor?**

Ofrécelle aos consumidores e a sí mesmo un produto san e de máxima calidade. Vivir e traballar nun ambiente sen contaminación e máis equilibrado, sen os riscos de toxicidade que lle pode acarrear a agricultura convencional e sen esquilmar os recursos naturais, o que lle asegura a utilización dos mesmos tanto a el coma ás futuras xeracións. Atender a crecente e imparable demanda de produtos ecolóxicos, tanto nos mercados máis inmediatos como no conxunto do mercado mundial, xa que son máis valorados e normalmente mellor pagados que os produtos convencionais.

## **Cales son as Vantaxes desta agricultura para o consumidor?**

Asegurarse de que está a consumir os produtos máis saudables, nutritivos e satisfactorios polas súas cualidades organolépticas.

Contribuir coa súa demanda a fomentar uns sistemas produtivos que axudan a manter este mundo como un lugar máis amigable, máis fermoso e, por riba de todo, máis habitable.

## **Que produtos se poden cultivar?**

Os produtos que se poden cultivar son os agrarios e clasifícanse en:

- |   |  |
|---|--|
| - Non transformados:  | - Transformados:   |
| <ul style="list-style-type: none"><li>• Vexetais</li><li>• Animais vivos</li><li>• Produtos animais</li><li>• Produtos da acuicultura e algas (non están amparadas pola acreditación de ENAC)</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li>• Alimentación humana</li><li>• Alimentación animal</li><li>• Material de reprodución vexetativa</li><li>• Sementes para cultivo</li></ul> |

## **Que é a certificación ecolóxica?**

A certificación ecolóxica garante que os produtos foron elaborados e producidos segundo as normas da agricultura ecolóxica, e que estiveron controlados en todo o seu proceso, elaboración, envasado e comercialización.

## **Como se consegue a certificación ecolóxica?**

Para conseguir a certificación, o operador debe estar inscrito no rexistro correspondente. Para formalizar esta inscrición, presentárase a solicitude de certificación, xunto co seu anexo correspondente. Recibida esta documentación no CRAEGA, e verificando que sexa correcta, realízase unha visita de control, na que o técnico do CRAEGA levantará unha acta e posteriormente redactará un informe, que se enviará ao Comité de Certificación xunto coa documentación requirida. O Comité de Certificación emitirá un dictame e, no caso de ser favorable, formalizaráse a inscrición nos rexistros do CRAEGA. A Certificación da Producción será responsabilidade do Comité de Certificación e da Dirección Técnica.

## **Cales son as vantaxes da certificación ecolóxica?**

Producindo en ecolóxico temos a ventaxa de preservar a fertilidade do chan debido a que non temos unha explotación excesiva, nin utilizamos abonos químicos, ademais a rotación dos cultivos impide a aparición de pragas e a diminución de certos nutrientes do chan.

Produce unha diminución do coste enerxético medioambiental, en contrapartida coa agricultura tradicional, e tamén autosuficiente, e contribúe ao aumento da biodiversidade, e garante un desenvolvemento sosteible e in"uye na saúde do consumidor.

## Cal é o obxectivo da gandaría ecolóxica?

A gandería ecolóxica ten por obxectivo obter alimentos sanos de calidade, mediante a utilización óptima e recional dos recursos, respetando o medio ambiente, o bienestar animal e sen empregar sustancias químicas de síntesis. A gandería ecolóxica está ligada a terra, e os animais se desenrolan nun espazo aberto e de xeito natural.


## Que é unha memoria anual?

CRAEGA realiza todos os anos un memoria na que recolle como foi ese ano a agricultura ecolóxica en Galicia. A última memoria publicada foi a do 2018. Nela analízanse as seguintes variables:

- Superficie inscrita:

- Hectáreas: Total ha. certificadas en Galicia: 33.736,44%

● Lugo      ● Pontevedra  
● Ourense      ● A Coruña



Lugo	16.507,28 ha
Pontevedra	6.009,49 ha
Ourense	8.252,96 ha
A Coruña	2.966,71 ha


Provincias	Superficie 2017 (ha)	Superficie 2018 (ha)	Variación (ha)	% Variación
Lugo	14.846,71	16.507,28	1660,57	11,18 %
Pontevedra	5745,69	6009,49	263,80	4,59 %
Ourense	8241,71	8252,96	11,25	0,14 %
A Coruña	3081,85	2966,71	-115,14	-3,74 %
Galicia	31.915,96	33.736,44	1820,48	5,70 %

Provincias	Superficie total A.E	Superficie Reconversión	Superficie 1ºAño	Superficie 2018 (ha)	Superficie 2017 (ha)
Lugo	15.236,12	490,2	780,91	17.077,63	3081,85
Pontevedra	5576,40	174,5	258,45	6009,35	14.846,71
Ourense	7942,83	254	56,09	8252,92	8241,71
A Coruña	2174,90	535,95	255,85	2966,70	5745,69
Galicia	30.930,35	1454,78	1351,31	33.736,44	31.915,96

• Inscritas por tipo de cultivo:

I. Terras arables (cereais, legumes, tubérculos, hortalizas), 1811,33 ha (5,3% da superficie):


● Lugo      ● Pontevedra  
● Ourense    ● A Coruña



Lugo	780,5 ha
Pontevedra	82,54 ha
Ourense	273,49 ha
A Coruña	674,79 ha

II. Pastos permanentes, 25.486,72 ha (75,5 % da superficie):


● Lugo      ● Pontevedra  
● Ourense    ● A Coruña



Lugo	11.012,10 ha
Pontevedra	4.922,00 ha
Ourense	7.535,27 ha
A Coruña	2.017,34 ha

III. Cultivos permanentes (frutais, viñelo, froitos secos e olivar), 6438,41 ha (19% da superficie):

● Lugo      ● Pontevedra  
● Ourense    ● A Coruña




Lugo	4.714,67 ha
Pontevedra	1.004,95 ha
Ourense	444,2 ha
A Coruña	274,58 ha

- Operadores certificados:


• Evolución operadores inscritos (1997-2018):

- A suma de operadores aumentou un 125,8% no período 2008-18.2018 péchase con 1.152 operadores (1.067 en 2017).
- Os elaboradores cobran cada vez máis peso e hoxe xa representa case o 25% dos inscritos.




• Tipo de operadores por provincia:

- Prod. Do mar     
 ■ Industrias e comercializadores     
 ■ Prod. vexetal     
 ■ Prod. animal



- Volume de vendas certificadas:

- Comparativa volume de vendas 2017-18 (78,7 millóns de €):
  - A produción animal é a que máis factura (44,3 millóns de euros), pero a do mar é a que máis medra en termos porcentuais (39,53%).



	Producción vexetal	Producción do mar	Producción animal
<b>2017</b>	16.766.330 €	10.024.229 €	32.302.302 €
<b>2018</b>	20.390.422 €	13.987.052 €	44.333.912 €

- Comparativa do volume de vendas no ano 2018 por provincias (€):

Provincias	Vendas 17	Vendas 18	Diferenza	% Variación
Lugo	22.018.539 €	29.308.463 €	7.289.924 €	33,10 %
Pontevedra	18.120.970 €	22.956.362 €	4.835.392 €	26,60 %
Ourense	8.548.402 €	10.088.059 €	1.539.657 €	18 %
A Coruña	10.404.951 €	16.358.500 €	5.953.549 €	57,20 %
Galicia	59.092.861 €	78.711.384 €	19.618.522 €	33,2 %



- Comparativa volume de vendas 2017-18 (€)

Produtos	Valor en € 2017	Valor en € 2018	Diferenza	% Variación
Aceites	1.458.539 €	1.233.939 €	-224.600 €	-15,40 %
Bosque e recolleita silvestre	2.128.963 €	2.635.453 €	506.490 €	23,79 %
Carnes e derivados	8.653.549 €	12.696.687 €	4.043.139 €	46,72 %
Cereais	5413 €	23.633 €	18.220 €	336,60 %
Conservas de pescado	7.737.562 €	9.599.770 €	1.862.207 €	24,07 %
Conservas vexetais	183.394 €	195.258 €	11.865 €	6,47 %
Frutais	1.582.440 €	1.130.957 €	-451.483 €	-28,53 %
Hortalizas	1.120.420 €	1.801.481 €	681.061 €	60,79 %
Leite e derivados	18.536.218 €	26.126.210 €	7.589.992 €	40,95 %
Outros elaborados	3.302.405	4.105.169 €	802.764 €	24,31 %
Ovos e derivados	3.531.054 €	3.980.873 €	449.818 €	12,74 %
Panificación	705.093 €	1.152.258 €	447.165 €	63,42 %
Pensos e alimentación animal	4.621.175 €	6.057.387 €	1.436.213 €	31,08 %
Produtos apícolas	1.581.481 €	1.530.142 €	-51.339 €	-3,25 %
Viños, licores, sidras e vinagres	1.650.535 €	1.988.187 €	337.652 €	20,46 %
Tubérculos	7953 €	66.700 €	58.747 €	738,69 %
Acuicultura e recolleita de algas	2.286.667 €	4.387.282 €	2.100.615 €	91,86 %
Totais	59.092.861 €	78.711.386 €	19.618.526 €	33,20 %

Deste estudo obtivéronse as seguintes conclusións:

- Crecemento da superficie certificada +5,7%
- 2018 pechou cun rexistro de 1.152 inscritos, un 7,97%
- Evolución do volume de negocio un 33%
- A produción animal é que máis factura (44,3 millóns), pero a do mar é a que máis medra en termos porcentuais (39,53%)

## Bibliografía

- <https://www.craega.es>
- <https://www.galiciacalidade.gal/ES/certificacion-detalle/Agricultura-ecologica>